

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

RESOLUCIÓN DO 25 DE XANEIRO DE 2017 POLA QUE SE AUTORIZA O PLAN EXPERIMENTAL DE PESCA CON NASA PARA PEIXES PARA A TEMPADA 2017.

Feitos:

A Federación Galega de Confrarías de Pescadores solicita, con data 4 de xaneiro de 2017, un novo plan de pesca experimental coa arte de *nasa para peixes* para a tempada 2017.

Solicitouse o informe técnico correspondente.

Fundamentos técnicos e de dereito:

O Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, regula na súa disposición adicional novena a delegación de competencias. Asemade, a Resolución do 4 de maio de 2012, de delegación de firma no secretario xeral do Mar da Consellería do Medio Rural e do Mar, establece no seu artigo 1 que: "Delégase a firma dos seguintes actos e resolucións ditados en virtude das competencias propias da persoa titular da Consellería do Medio Rural e do Mar, na persoa titular da Secretaría Xeral do Mar:" "e): A aprobación de plans experimentais de pesca a que fai referencia o artigo 3 bis do Decreto 198/2004, do 29 de xullo, que aproba o Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

A nasa para peixes ven regulada nos artigos 84 a 88 (inclusive) do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o establecido no artigo 3º.3 do citado Decreto, *autorízase o uso de artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas diferentes aos regulados neste decreto mediante plans experimentais*. Daquel xeito, a disposición transitoria terceira establece: *os plans experimentais referidos no artigo 3º.3 deste decreto manteñen a regulación prevista no artigo 3º bis do Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, aprobado polo Decreto 424/1993, do 17 de decembro, ata que non se aprobe a norma que o substitúa*.

A tenencia a bordo e a utilización de nasas dirixidas á captura de peixe están prohibidas en augas exteriores, segundo Real Decreto 410/2001 do 20 de abril polo que se regula a pesca con artes fixas no Caladoiro Nacional do Cantábrico Noroeste, non obstante as embarcacións que as tiveran autorizadas no momento da súa entrada en vigor poderán continuar coa súa actividade durante a súa vida útil.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

Non se determina no plan a lonxitude máxima total da arte. De acordo co disposto no artigo 81.2 do Decreto 15/2011, non poderán superarse os 3.000 metros de lonxitude por embarcación o conxunto das caceas. En augas exteriores regulado polo Real Decreto 410/2001 do 20 de abril o límite máximo permitido para as nasas son 5.000 metros.

A proposta presenta unha redución con respecto á cantidade máxima de nasas a utilizar, respecto do total que lle permitiría o artigo 85 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro. A faena de traballo ven proposta en fondos superiores aos 30 metros cun horario de traballo diúrno.

A faneca non ten talla mínima fóra de augas de competencia autonómica, mentres que na nosa comunidade a talla mínima está establecida en 15 cm.

A nasa para peixes é unha arte moi efectiva en canto á biomasa capturada. En canto á selectividade a porcentaxe de individuos de talla inferior á mínima legal é de un 15% para o conxunto de especies comerciais, polo que para poder autorizar o seu uso deberán establecerse medidas que reduzan o esforzo.

Tendo en conta o exposto, vistos os informes técnicos e a solicitude presentada, que cumpre os requisitos esixidos,

RESOLVO:

Aprobar o plan de pesca experimental con *nasa para peixes* solicitado pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores, baixo os seguintes termos e condicións:

1.- Participantes.-

a) Unicamente participarán no plan as embarcacións que se relacionan no **anexo A** da presente Resolución.

b) **Non** se incorporarán embarcacións nos plans aprobados para a seguinte campaña, nos seguintes supostos:

× Cando estando despachadas ao plan en curso, non presentaran a declaración de capturas mensual, conforme ao establecido na presente resolución, e non se conte con elas para a elaboración dos informes de seguimento do mesmo.

× Cando non estando despachadas ao plan en curso, presenten declaración de capturas ao plan.

Nestes casos, as embarcacións non poderán ser incluídas en todo o período autorizado do plan da seguinte campaña, aínda que leven a cabo a solicitude de incorporación ao mesmo.

c) As embarcacións excluídas no presente plan quedan relacionadas no **anexo B**.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Aqüicultura e Innovación TecnolóxicaEdifícios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

2.- Arte.- A arte a utilizar é a *nasa para peixes*, que deberá ter as seguintes características técnicas:

- a) A nasa para peixes está formada por un armazón de forma cilíndrica, con aros metálicos circulares e varelas verticais. Ten dúas entradas ou bocas opostas feitas de rede, que se prolongan de forma troncocónica cara ao interior da nasa. O recubrimento da nasa será de rede.
- b) Os aros metálicos circulares terán un diámetro máximo de 2 metros.
- c) As varelas verticais, ou altura da nasa para peixe, serán como máximo de 800 milímetros.
- d) A dimensión de malla mínima será de 60 milímetros.

O número máximo de nasas para peixes permitido será de **45**, independentemente do tamaño da embarcación. A lonxitude máxima da arte será de 3.000 metros.

3.- Balizamento.- As artes deberán estar convenientemente balizadas, segundo a normativa vixente.

4.- Identificación.- Deberán conter nas boias, de ámbolos dous extremos das diferentes caceas, o folio e máis a matrícula da embarcación, así como o nome da arte "N" (nasas).

Todas as nasas deberán levar visible unha etiqueta codificada e seriada entregada pola consellería competente en materia de pesca. A consellería ditará as instrucións precisas para a colocación e control destas etiquetas.

5.- Período.- O período autorizado abrangue dende o día seguinte á recepción desta Resolución ata o 31 de decembro de 2017.

6.- Horario.- A utilización da nasa para peixe será diúrna. O horario de traballo será desde as 07:00 ata as 17:00 horas durante todo o ano.

7.- Especies.- As especies obxecto da captura serán a *faneca* e acompañantes que deben estar en época de extracción e superar a talla mínima. No caso da faneca serán 15 centímetros.

8.- Réxime de calamento.- As nasas para peixes deberán ser levantadas e levadas a porto diariamente.

O seu uso só será autorizado en fondos superiores aos 35 metros de profundidade e por fóra dos límites do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

A zona de traballo coa nasa para peixe será sempre por fóra das liñas do Anexo I establecidas no citado Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro. Non obstante, dende Cabo

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Edificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740



Corrubedo ata cabo Silleiro, no período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro, calaranse por fóra da liña que une as illas de Sagres, Sálvora, Ons, Onza, Cíes, Agoeiro e Carallóns co cabo Silleiro, ata a liña de base recta establecida no Real Decreto 2510/1977, do 5 de agosto, sobre trazado de liñas de base rectas en desenvolvemento da Lei 20/1967, do 8 de abril, sobre extensión das augas xurisdicionais españolas a 12 millas, a efectos de pesca.

9.- Puntos de control e venda.- Zonas de pesca, portos, centros de descarga, lonxas e centros de venda autorizados.

10.- Control e seguimento da actividade pesqueira.-

a) Despachos telemáticos.- As embarcacións relacionadas no **anexo A**, cando faenen acolléndose ao Plan, deberán despachar no apartado de adhesión a plan de explotación: ["NASA PEIXES (15G) PLAN EXPERIMENTAL NASA PARA PEIXES 2017 (FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES)"]. Polo tanto, as embarcacións que despachen a un plan de explotación só poderán faenar no mesmo día no ámbito do correspondente plan, e non poderán usar ningunha outra arte que teñan no seu permiso de explotación.

Por outra banda, advírtese que, ao remate da vixencia deste plan, se non se realiza un novo rexistro de actividade pesqueira a embarcación pasará á situación de "pendente rexistro actividade".

b) Remisión de datos de capturas.- Con periodicidade **mensual** a confraría deberá remitir datos de extracción por especie, utilizando como modelo o que como **anexo C** se acompaña, ao Servizo de Pesca da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, vía Fax (981544740) ou correo electrónico á dirección serviciopesca@xunta.es. A non inclusión de datos dalgunha das embarcacións no período estipulado terá como consecuencia a súa baixa definitiva do plan.

c) Mostraxes.- Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións autorizadas, mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan.

11.- Extracción e comercialización: O exercicio da actividade extractiva e comercial establecida neste plan está sometida ao estrito cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.

12.- Infraccións e sancións: O incumprimento das condicións establecidas neste plan, poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdifícios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

Segundo o establecido no artigo 10 da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, queda prohibida a comercialización de calquera especie de salmónidos non procedentes de centros de produción autorizados en toda época, fose cal fose o sistema de captura.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2017

A conselleira

P.D. sinatura (Resolución 04/05/2012)

segundo a Disp. Adic. Novena do Decreto 177/2016, do 15 de decembro

Directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica


Mercedes Rodríguez Moreda

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
 Dirección Xeral de Pesca,
 Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Edificios Administrativos San Caetano, s/n.
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

ANEXO A

RELACIÓN DE EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE PESCA CON NASA PARA PEIXES

PERÍODO **2017**

EMBARCACIÓN	MATRÍCULA E FOLIO	CONFRARÍA
ANGELA JOSE	VI-3-9-05	BUEU
ARLANZA CUATRO	VI-4-1-98	MOAÑA
CELSO UN	VI-3-5-06	BUEU
MARI-FLORA	VI-3-1899	BUEU
MERCHE	VILL-1-4723	RIBEIRA
NOJUAL	VILL-1-1-92	RIBEIRA
NUEVO CIGALA	VI-3-10-05	BUEU
NUEVO SANTA ROSA	CO-7-7-97	RIBEIRA
O AUDAZ	VI-3-1-11	BUEU
O MORIÑO	VILL-1-4711	RIBEIRA
RIA DE LAXE	CO-3-4-92	LAXE
TAMARA	CO-5-1940	FISTERRA
TERCERO PORTALES	CO-5-2033	FISTERRA
VILLANUEVA	VI-3-4-05	BUEU
VIRXE DOS MARES	VI-3-4-09	BUEU



ANEXO C

DECLARACIÓN DE CAPTURAS DE EMBARCACIONES

NOME DO PLAN: _____ ANO: _____ MES: _____ HORARIO: _____

Nº CFPO	NOME EMBARCACIÓN	MATRÍCULA E FOLIO	T.R.B	NASAS (1)	Nº TRILLANTES	Nº DÍAS TRABALLADOS	ZONA EXTRACCIÓN	ESPECIE (2)	KG



(1) A CUBRIR UNICAMENTE NAQUELES PLANS NOS QUE SE EMPREGA ESTA ARTE.
 (2) CANDO UNHA EMBARCACIÓN CAPTURE VARIAS ESPECIES NO MESMO MES DEBERÁ CUBRIRSE UNHA CASILLA POR CADA ESPECIE.